

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

*Delegación Provincial da Coruña*Sección Provincial de Mediación, Arbitraje e
Conciliación A Coruña

ANUNCIO

*Depósito dos estatutos da Asociación Empresarial de Ce-
deira AICEN***Expte. núm. 15/1005**

En cumprimento do artigo 49 do Real Decreto 873/77, do 22 de abril, e ós efectos previstos no mesmo, faise público que en data 3/03/2009 foron depositados nesta Sección os Estatutos da Organización Profesional "ASOCIACION EMPRESARIAL DE CEDEIRA" AICEN, sen ánimo de lucro, Expte. 15/1005, que ten os seguintes ámbitos territorial e profesional:

Territorial:	LOCAL
Profesional:	Empresarios en xeral
Asinan a Acta Constitución:	Don Julio Beceiro Romero e catro persoas mais

Os Estatutos depositados poderán ser examinados por calquera persoa interesada.

A Coruña, 5 de marzo de 2009

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

09/3268-x

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo Relacións Laborais

ANUNCIO

Revisión salarial convenio colectivo de Urbaser, S.A. (servizo público de RSU e limpeza pública viaria do Concello de Santiago de Compostela)

Visto o expediente da revisión salarial do Convenio colectivo de URBASER, S.A. (servizo público de RSU e limpeza pública viaria do Concello de Santiago de Compostela), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 18.2.09, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 23.1.09, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Disoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 5 de marzo de 2009.

A delegada provincial,

Asdo.: María Debén Alfonso.

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE " URBASER, S.A." NA SÚA ACTIVIDADE DE LIMPEZA PÚBLICA, TRANSPORTE E RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS NO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASISTENTES :

Pola Empresa :

D. ANTONIO GÓMEZ GARCÍA

D. RAÚL TELENTI LABRADOR

Pola parte social:

D. Valentín PEREIRA NIEVES (CC.OO.)

D. Manuel REY CASTRO (CC.OO.)

D. Salomé GONZÁLEZ LEÓN (Asesor CC.OO.)

D. Manuel ALONSO GARABAL (CIG)

D. José Manuel PORTO GONZÁLEZ (CIG)

D. Alfredo SANTOMIL GARCÍA (Asesor CIG)

D. José Domingo BASCOY MARTÍNEZ (CUT)

D. Xermán GARCÍA ROMAI (Asesor CUT)

En Santiago de Compostela, sendo as 12:00 horas do día 23 de Xaneiro de 2009, reúnen-se as persoas á marxe relacionadas, como membros da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo "URBASER, S.A." (Santiago de Compostela), o obxecto de proceder a aplicar a revisión económica que establecen os artigos comprendidos dentro do capítulo III, condicións económicas, do Convenio Colectivo.

Regularizanse as táboas salariais correspondentes o ano 2008, pola aplicación do I.P.C. real nacional resultante ó 31/12/2008, ó 1,4%, máis ó 0,5%.

Táboa salarial definitiva para o ano 2008 como Anexo I que acompaña á presente acta.

Despois de feita esta regularización, aplicase a subida salarial pactada para 2008, con efectos 01/01/2008, nun 1,4% I.P.C. real máis 0,5%, sobre as táboas definitivas correspondentes o ano 2007. Anexo 1.

Os premios de Xubilación que establece o artigo 30º do Convenio Colectivo, quedan nos seguintes importes :

Idade	2007	2008
60 anos	3.566,36 €	3.634,12 €
61 anos	2.826,19 €	2.879,89 €
62 anos	2.220,57 €	2.262,76 €
63 anos	1.480,40 €	1.508,53 €
64 anos	942,05 €	959,95 €

O fondo para Becas, artigo 38º do convenio, queda fixado en 4.846,92 € para 2007, e 4.939,01 € para 2008.

As quendas de vacacións quedarán do seguinte xeito:
 1.^a quenda: do 1 de abril ó 5 de maio, ambos inclusive.
 2.^a quenda: do 6 de maio ó 6 de xuño, ambos inclusive.
 3.^a quenda: do 8 de xuño ó 8 de xullo, ambos inclusive.
 4.^a quenda: do 9 de xullo ó 10 de agosto, ambos inclusive.
 5.^a quenda: do 11 de agosto ó 11 de setembro, ambos inclusive.

As rotacións faranse por esta orde: 1.^a, 3.^a, 5.^a, 2.^a e 4.^a.

Acordase remitir a presente acta, cos seus anexos, á Delegación Provincial de A Coruña da Consellería de Interior, Xustiza e Relacións Laborais da Xunta de Galicia para que se proceda ó seu rexistro e posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a reunión sendo as 12:30 horas do día do encabezamento.

TABLA DEFINITIVA DE RETRIBUCIONES PARA EL AÑO 2008

URBASER, S.A. - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servicio de Limpieza Pública Viaria y recogida de R.S.U.

SALARIOS PARA 2007 4,2% + 0,3% = 4,5%

CATEGORÍA	SALARIO BASE	PLUS T.P.P.	PLUS E.C.	PLUS TPTTE.	INCENTIVOS	RETRIBUCIÓN ANUAL
PEÓN	967,73 €	193,55 €		70,62E		18.653,72 €
CONDUCTOR	1.012,74 €	101,27 €	126,59 €	70,62E		19.785,60 €
CAPATAZ	1.012,74 €	101,27 €	126,59 €	70,62E		19.785,60 €
MECÁNICO	1.012,74 €	202,55 €	252,66 €	70,62E		22.513,80 €
AUX.ADMINISTRATIVO	967,73 €		205,03 €	70,62E		19.201,54 €
ADMINISTRATIVO	1.102,19 €		235,18 €	70,62E		21.775,00 €
XEFE DE SERVICIOS	1.102,19 €	220,44 €	235,18 €	70,62E	667,97 €	34.212,74 €

SALARIOS PARA 2008 1,4% + 0,5% = 1,9%

CATEGORÍA	SALARIO BASE	PLUS T.P.P.	PLUS E.C.	PLUS TPTTE.	INCENTIVOS	RETRIBUCIÓN ANUAL
PEÓN	987,46 €	197,49 €		70,62 €		19.016,68 €
CONDUCTOR	1.033,32 €	103,33 €	129,17 €	70,62 €		20.170,56 €
CAPATAZ	1.033,32 €	103,33 €	129,17 €	70,62 €		20.170,56 €
MECÁNICO	1.033,32 €	206,66 €	257,46 €	70,62 €		22.950,00 €
AUX.ADMINISTRATIVO	987,46 €		208,93 €	70,62 €		19.571,82 €
ADMINISTRATIVO	1.124,47 €		239,65 €	70,62 €		22.194,06 €
XEFE DE SERVICIOS	1.124,47 €	224,89 €	239,65 €	70,62 €	680,66 €	34.871,76 €